



Prego de cláusulas administrativas particulares que ha de regular, xunto co prego de prescricións técnicas, a AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA ALAMEDA DURANTE A TEMPADA DE NADAL 2016/2017

1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

1.1. O presente prego ten por obxecto a AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO no Paseo central da Alameda durante a tempada de Nadal 2016/2017. A prestación axustarase, polo tanto, ás cláusulas que figuran neste Prego e no de Prescricións Técnicas, que forma parte integrante deste.

1.2. Trátase dunha autorización administrativa de uso común especial de bens de dominio público, conforme ao disposto no art. 77.1 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.


1.3. Independentemente dos dereitos e obrigacións comprendidos no presente prego, o adxudicatario queda sometido a calquera norma xurídica de ámbito municipal, autonómico ou estatal en vigor ou que poida ditarse, que afecte ao obxecto e contido da autorización e, especificamente ás seguintes: Lei 7/1985 de 2 de Abril, de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto 1372/1986 de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Lei 33/2003 de 3 de Novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento, aprobado por RD 1373/2009, de 28 de agosto; e no que atinxe a capacidade de obrar e solvencia das persoas licitadoras, Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001 de 12 de Outubro, Real Decreto 817/2009 de 8 de Maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución da autorización, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de adxudicación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

2. ÓRGANO DE ADXUDICACIÓN

O órgano de adxudicación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar a correspondente autorización e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretala, resolver as dúbidas



que ofrezca o seu cumprimento, e revocala unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do adxudicatario á súa impugnación ante a Xurisdicción competente.

3. PREZO

3.1. Establecése un prezo mínimo de saída á alza de: DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE CINCO EUROS (2.525,00 €), realizándose as ofertas á alza e rexeitando as proposicións que se presenten nas que se ofrezca un prezo inferior.

3.2. O importe da adxudicación irá en concepto de ingreso. O pagamento efectuarase no momento da formalización da autorización na conta bancaria indicada polo Concello para o efecto.

3.3. Non procede a revisión de prezos.

4.- DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización comprenderá o período entre o momento da súa formalización e o 26 de febreiro de 2017. Os tempos precisos para a montaxe e desmontaxe das instalacións compútanse dentro do período de duración da autorización.

5. FORMA DE ADXUDICACIÓN

A autorización ou licenza demanial outorgarase por licitación pública d'acordo co establecido no artigo 78.2. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, demais consideracións da normativa patrimonial e contractual de aplicación, e con arranxo ás cláusulas do presente prego e de prescricións técnicas.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os puntos totais a outorgar serán 30 puntos, segundo os criterios e a ponderación seguinte:

Criterio 1: Canon: ata 10 puntos. A mellor oferta recibirá a máxima puntuación, obtendo as restantes puntuacións de xeito directamente proporcional.

Criterio 2: "Características da pista e do servizo": ata 10 puntos, desagregados do xeito seguinte:

Inclusión das seguintes melloras:

- Carpa e valla perimetral transparente: 6 puntos
- Ampliación de horarios de apertura: 2 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

- Elementos auxiliares para facilitar o patinaxe: 2 puntos

criterio 3: Prezos das entradas: ata 10 puntos, desagregados do xeito seguinte.
O prezo máximo da entrada será de 10 euros.

2.a) Prezo de entrada para escolares: a oferta economicamente máis vantaxosa obterá 4 puntos. O resto valorarase proporcionalmente tendo en conta a oferta máis vantaxosa, calculando a puntuación con arranxo á seguinte fórmula:

$P = 4 / [1 + (\text{importe da oferta do licitador que se está valorando} - \text{importe da oferta máis vantaxosa})]$

2.b) Prezo de entrada para público xeral (sesión de 50 minutos): a oferta economicamente máis vantaxosa obterá 3 puntos. O resto valorarase proporcionalmente tendo en conta a oferta máis vantaxosa, calculando a puntuación con arranxo á seguinte fórmula:

$P = (3 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{oferta do licitador que se está valorando}$

2.c) Prezo de entrada para público xeral (sen limitación de tempo ao longo dun día): a oferta economicamente máis vantaxosa obterá 2,5 puntos. O resto valorarase proporcionalmente tendo en conta a oferta máis vantaxosa, calculando a puntuación con arranxo á seguinte fórmula:

$P = (2,5 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{oferta do licitador que se está valorando}$

2.d) Prezo de venda de quantes: a oferta economicamente máis vantaxosa obterá 0,5 punto. O resto valorarase proporcionalmente tendo en conta a oferta máis vantaxosa, calculando a puntuación con arranxo á seguinte fórmula:

$P = (0,5 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{oferta do licitador que se está valorando}$

7. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA.

7.1.As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

7.2.A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá xustificar a data de imposición do



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de adxudicación a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

7.3.Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil do contratante do órgano de contratación e nas oficinas do Departamento de Comercio.

8. PROPOSICIÓNS DOS LICITADORES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

8.1.Poderán presentar proposicións as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

8.2. A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

9. DOCUMENTACIÓN. – As proposicións entregaranse en tres sobres pechados asinados polo licitador ou o seu representante, denominados A, B, e C, no exterior de cada un deles figurará o nome completo do licitador, a súa dirección a efectos de notificacións, o seu teléfono, fax e correo electrónico de ser o caso, así como a seguinte referencia do expediente AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA ALAMEDA DURANTE A TEMPADA DE NADAL 2016/2017.

9.1. SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

No SOBRE A, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona na cláusula 11 por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.

A persoa licitadora a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, será requirido no seu momento, para que no prazo de 5 días hábiles, acredite a posesión e validez dos documentos esixidos, daccordo co establecido na cláusula 11. En todo caso, o órgano adxudicante poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario da autorización.

9.2. SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA



CONCELLO DE
SANTIAGO

Incluíranse, os documentos acreditativos da proposición técnica da persoa licitadora conforme ás Prescricións Técnicas do Prego anexo. Así como aqueles documentos acreditativos dos criterios de valoración para a selección da adxudicataria, detallados na cláusula 6 do presente prego.

9.3. OFERTA ECONÓMICA

Incluírase a oferta económica, que deberá ser redactada conforme o ANEXO I do presente prego.

9.4. Cada persoa interesada poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto da autorización, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas.

10. EXAME DAS PROPOSICIÓNS.

10.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas convocarase a Comisión de valoración para a apertura destas en acto público. Informarase do día e hora de celebración desta no Perfil do Contratante.

10.2. A comisión estará integrada por:

Presidente: A concelleira delegada de Comercio ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

Vogais: Un representante de cada grupo político municipal.

A técnico responsable do departamento municipal de Comercio.

O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.

O Interventor xeral municipal, ou persoa que o substitúa

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

10.3. A Comisión avaliará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen na cláusula 6 do presente Prego, e formulará a proposta que considere pertinente ao órgano autorizante.

10.4. A Comisión poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesario que teñan relación co obxecto do contrato. A Comisión elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao órgano autorizante.

10.5. A apertura da oferta económica terá lugar unha vez realizada a valoración da proposición técnica.

11. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN.



CONCELLO DE SANTIAGO

O órgano autorizante requirirá á persoa licitadora proposta polo comisión para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou computadas conforme á lexislación vixente na materia:

- Documentos acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e da Seguridade Social, mediante a presentación de orixinais ou copias auténticas das certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso.

O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela. De telas, requiriráselle para que neste mesmo prazo de 5 días hábiles aboe os importes pendentes.

- Documentación acreditativa da constitución de garantía definitiva por importe de 2.000 euros.

A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

- Documentación acreditativa da capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, na forma seguinte:

- **Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

- As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgun dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.




CONCELLO DE
SANTIAGO

- Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto da autorización.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A achega da mera dilixencia de bastantado do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC).
- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo **unha unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.
- Os licitadores deberán achegar a documentación acreditativa da **solvencia económica, financeira e técnica**. As empresas que lliciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.
- A solvencia **económica e financeira** acreditarase a través dos medios a que se refire o art. 75 do TRLCSP.
- A **solvencia técnica** acreditarase mediante:
 - 1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e
 - 2º o compromiso de adscribir á execución do prestación da actividade na que se basea a presente autorización os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co



CONCELLO DE SANTIAGO

disposto nas prescricións técnicas do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscrición considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP).

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

- Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no art.º 60 TRLCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (anexo II deste prego).
- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois en calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir da autorización, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- A referida á personalidade e representación (capacidade de obrar), sempre que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, poderase requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.
- Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar, salvo no que se refire ás circunstancias de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que achegaranse en todo caso orixinais ou copias auténticas das certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Os certificados de calquera dos Rexistros de Contratistas sinalados deberán ir acompañados en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa proposición, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

12. ADXUDICACIÓN

A adxudicación será motivada, notificarase ás persoas licitadoras e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

13. FORMALIZACION DA AUTORIZACIÓN.

13.1.A formalización da Autorización efectuarase dentro dos dez días hábiles a contar dende a data da notificación do outorgamento da autorización. O documento en que se formalice, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativa particulares e técnicas, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite a adxudicataria sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. Non poderá procederse ao aproveitamento sen a formalización da autorización.

13.2.Cando por causas imputables á adxudicataria seleccionada, non puidera formalizarse a autorización dentro do prazo sinalado, resolverase esta con indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, podendo adxudicarse ao licitador ou licitadores seguintes a aquela, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

14. CONTROL E INSPECCIÓN

14.1.Sen prexuízo das demais facultades que puidesen estar atribuídas a outras Administracións Públicas, a persoa adxudicataria estará sometida de forma permanente e constante ao control e vixilancia da Policía Local e/ou os Servizos Técnicos Municipais.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

14.2.A inspección da Administración Municipal terá acceso á pista e seranlle facilitados cantos datos sexan precisos para levala a cabo.

14.3.Igualmente a persoa autorizada encargárase do mantemento, reparación e reposición da pista por calquera avaría ou dano que poida producirse no mesmo.

15. REVOGACIÓN UNILATERAL

A autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Administración concedinte en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. Nestes casos, a persoa adxudicataria terá dereito á devolución da parte proporcional adiantada do canon satisfeito.

16. DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO

16.1.O Excmo. Concello de Santiago de Compostela ten as prerrogativas de interpretar a presente autorización, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, e revocala unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, con suxeición á normativa aplicable. A orde xurisdiccional contencioso- administrativo será o competente para coñecer as cuestións que poidan suscitarse durante o desenvolvemento e execución desta autorización demanial.


16.2.- Pola súa banda, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela queda obrigado a manter ao adxudicatario no pacífico uso e goce da autorización concedida.

17. DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA ADXUDICATARIA

Serán dereitos da persoa adxudicataria:

- 1.- A ter o aproveitamento especial do dominio público de titularidade municipal na extensión e límites fixados neste prego administrativo e no prego técnico, e ser mantido nese uso.
- 2.- A explotar as instalacións de acordo coa normativa vixente que lle sexa de aplicación por razón da materia.
- 3.- Percibir os ingresos derivados da actividade de venda.

Serán obrigas do adxudicatario, ademais das comprendidas na Lei 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións aplicables, as seguintes:



CONCELLO DE SANTIAGO

Os incumprimentos clasificaranse en leves, graves e moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da explotación.

1.- Consideraranse incumprimentos leves aquelas cualificadas así en calquera dos artigos do Prego e, en particular, as seguintes:

— A falta de ornato e limpeza da pista así como do espazo de dominio público ocupado e a área de 3 metros que a rodeen.

— O incumprimento das disposicións que así o determinen e que regulan a utilización dos bens en canto ao disposto na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación da vía pública e outros espazos abertos ao público.

— A deterioración leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización.

— A desidia persoal e a falta de cortesía e corrección co público.

2.- Consideraranse incumprimentos graves aquelas cualificadas como tal en calquera dos artigos deste Prego e, en particular, as seguintes:

— A ocupación do dominio público excedendo os límites da autorización.

— A falta de aseo, hixiene ou limpeza no persoal ou elementos do establecemento, sempre que non constituía falta leve ou moi grave, e en xeral calquera incumprimento das obrigacións hixiénico-sanitarias e de consumo.

— A deterioración grave dos elementos de mobiliario urbano e ornamentais anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización, cando non constituía falta leve ou moi grave.

— A emisión de ruídos por encima dos límites autorizados.

— A instalación de elementos non autorizados na autorización.

— A non exhibición das autorizacións municipais preceptivas aos inspectores ou autoridades municipais que o soliciten.

— Igualmente, considerárase falta grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta leve ou a comisión de 3 faltas leves.

3.- Consideraranse incumprimentos moi graves, aquelas cualificadas como tal en calquera dos artigos deste Prego e, en particular, as seguintes:


— O incumprimento das disposicións que regulan a utilización destes bens en canto ao disposto na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación da vía pública e outros espazos abertos ao público, cando devandito incumprimento cualifíquese nesta Ordenanza como moi grave.

— A desobediencia aos lexísimos requirimentos dos inspectores e autoridades.

— A falta de aseo, hixiene e limpeza no persoal ou elementos do establecemento, cando non constituía falta leve ou grave.

— O exercicio da actividade en deficientes condicións.

— A venda de artigos en deficientes condicións.



CONCELLO DE SANTIAGO


- a. O montaxe e desmontaxe das instalacións, facéndose cargo dos custos de acordo co previsto no prego técnico.
- b. O pagamento, no tempo oportuno, do canon establecido, así como o correspondente das obrigas económicas derivadas da adxudicación
- c. Manter á súa costa o funcionamento da explotación, o que incluírá as cargas fiscais de calquera tipo de procedencia que graven a explotación, e os que a normativa legal impoña para o exercicio da actividade, así como a satisfacción de todo tipo de canon, taxas, prezos públicos, etc.

Quedan igualmente a cargo do adxudicatario, no seu caso, o abono do anuncio de licitación (Boletín Oficial da Provincia).

- d. Utilizar a pista con arranxo ao uso permitido, mantendo as instalacións en perfecto estado de uso e conservación.
- e. Explotar de forma directa a pista sen que poida subrogar na mesma a ningún terceiro, nin ceder directa ou indirectamente, en todo ou en parte as instalacións.
- f. Cumprir cantas disposicións áchense vixentes en materia de Lexislación Laboral, Seguridade Social, convenios Colectivos e todo o comprendido na Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e nos Reais Decretos que a desenvolven, así como en materia tributaria, quedando a Corporación Municipal totalmente liberada de calquera responsabilidade que puidese derivarse do incumprimento daquelas.
- g. O adxudicatario deberá indemnizar a terceiros dos danos que lles ocasionar como consecuencia do funcionamento de devandito servizo, debendo achegar ao Concello un Seguro de Responsabilidade Civil que cubra as posibles responsabilidades de todo tipo que como consecuencia da prestación da actividade puidese incurrir o adxudicatario por danos causados a terceiros. O adxudicatario non poderá iniciar a actividade ata o momento en que o Concello valide o seguro de responsabilidade civil.
- h. O Concello poderá sempre que o estime pertinente, realizar inspeccións, requirir a presentación da documentación preceptiva conforme á normativa vixente e ordenar ao autorizado a adopción de cantas medidas sexan necesarias para o correcto funcionamento da explotación. Calquera oposición ou entorpecemento das inspeccións municipais polo concesionario ou polo persoal ao seu servizo, considerárase como falta moi grave. A reiteración por segunda vez ao longo do período da concesión, na actuación de oposición ou entorpecemento, poderá dar lugar a que se deixe sen efecto a concesión, sen dereito a indemnización algunha para o concesionario.

O incumprimento das obrigas establecidas neste apartado e doutras especificadas neste prego, así como de calquera outra que se derive da Lei e demais disposicións vixentes, será motivo suficiente para a resolución da autorización e a perda de fianza depositada nas arcas municipais, sen prexuízo das actuacións e reclamación de indemnizacións que se reserve o Concello.

18. RÉXIME SANCIONADOR



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- Instalar elementos de mobiliario non autorizados nin homologados polos Servizos Municipais.
- Incumprir as condicións técnicas de instalación e dotacionais sinaladas na autorización.
- Calquera infracción que produza unha deterioración do bo nome do ben ou do Concello.
- Non estar ao corrente nas obrigacións tributarias e de Seguridade Social.
- Igualmente, considerárase falta moi grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta grave ou a comisión de 3 faltas graves, e a persistencia na situación infractora sen proceder á súa subsanación.
- Dedicar a pista a uso distinto dos especificamente sinalados no Prego, sen previa autorización municipal, se procedese.

Os incumprimentos leves penalizaranse con multa de ata 750 euros; os graves, con multa de 751 euros a 1500 euros; e os moi graves penalizaranse, con multa de 1501 a 3000 euros e o Concello poderá optar pola resolución da autorización, sen dereito por parte do autorizado a indemnización de ningunha clase, calquera que fose o tempo transcorrido desde a data da autorización.

As penalidades por faltas leves, graves ou moi graves serán impostas polo Órgano adxudicatario.

19.FACULTADE DA CORPORACION DE DEIXAR SEN EFECTO A AUTORIZACIÓN

O Concello poderá resolver a autorización nos supostos recollidos no artigo 100 da Lei de Patrimonio de Administracións públicas e ademais nos casos seguintes:

- A_ Por renuncia voluntaria do seu titular a seguir exercendo a actividade obxecto deste prego.
- B_ A falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigacións do titular da autorización, declarados polo órgano que outorgou a mesma.
- C_ Cando o adxudicatario efectuare un subarriendo da explotación obxecto desta autorización.
- D_ O incumprimento de calquera das obrigacións establecidas no presente prego.
- E_ Mutuo acordo entre o Concello e o autorizado.
- F_ Caducidade por vencemento do prazo.

G_ Falecemento, incapacidade, extinción da personalidade xurídica da persoa adxudicataria, suspensión de pagos ou quebra, sen que exista dereito a indemnización algunha.

En caso do falecemento do autorizado individual, o órgano competente poderá acordar a continuación da relación xurídico- administrativa co herdeiro designado polo titular en declaración de última vontade e, en defecto de designación expresa



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

do causante, cos seus herdeiros forzosos, a condición de que a responsabilidade da mesma sexa asumida por un só deles ata que o Xuíz designa quen lle corresponde como herdanza. O falecemento do autorizado individual deberá comunicarse ao Concello no prazo de dous meses. No prazo dos trinta días seguintes deberá presentarse copia do certificado de defunción, copia da declaración de última vontade e, na súa falta, Auto de declaración de herdeiros ab intestato ou escritura do Acta de Notoriedade promovida ante Notario, aos mesmos efectos.


H_ Cando de forma sobrevinda ao momento da formalización da autorización, o titular incorra nalgún dos supostos do art. 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público.

Os casos previstos nos apartados a), b), c) e d) desta cláusula, levará consigo a perda da fianza definitiva, quedando inhabilitado para a adxudicación desta actividade con este Concello, sen prexuízo de que se lle puidesen esixir responsabilidades polos danos e prexuízos ocasionados.

20. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES

20.1.A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios da autorización soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizárase á súa costa.

20.2.Transcorridos 4 meses desde a adxudicación da autorización sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D., maior de idade, con D.N.I. nº
....., con domicilio en
....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a autorización da ocupación de vía pública para a **Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante o Nadal 2016-2017**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), e fai constar:

- 1) Que ofrece un canon a aboar ao Concello de Santiago de euros.
- 2) Que ofrece os seguintes prezos de entradas e de venda de guantes (criterio de valoración 3):

- 3) Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de condicións desta autorización.
- 4) Que achega a documentación esixida no prego de condicións.

Lugar, data e firma do licitador



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO II

D./Da _____ con DNI _____ e domicilio
en _____ en nome propio ou en representación da
empresa _____ á que representa no procedemento de
adxudicación da autorización para a ocupación de dominio público para a
**Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na
Alameda, durante o Nadal 2016-2017 declara** que nin a empresa nin os seus
administradores ou órganos de dirección están incurso en ningunha prohibición
para o disfrute e aproveitamento de bens de dominio público en atención á Lei
33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e o Regulamento de Bens das
Entidades Locais, nin para contratar coa administración, establecidas no art. 60 e
146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e
coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de
Compostela.


(Lugar, data e sinatura do proponente)



CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO III

(Modelo de Aval)


La Entidad _____, domicilio en (2) _____, con CIF nº _____, código postal _____, y en su nombre nº _____, _____, (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____, con NIF/CIF nº _____, para responder de las obligaciones derivadas del expediente _____/_____ (5) relativo a la autorización para a ocupación de dominio público para a **Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante o Nadal 2016-2017** tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía _____ (7) por importe de _____ Euros _____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad , que cumple cos seguintes requisitos:

- No hallarse en situación de mora frente a la Administración autorizante como consecuencia del impago de obrigaciones derivadas de la incautación de anteriores avales.
- No hallarse en situación de suspensión de pagos o quiebra.
- No hallarse suspendida o extinguida la autorización administrativa para el ejercicio de su actividad.

Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de adjudicación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____



**CONCEJO DE
SANTIAGO**

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE
(8)

Provincia Fecha Número o código

(1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.
(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Citese la Administración que bastantea el poder.



CONCELLO DE SANTIAGO

PREGO PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A INSTALACIÓN DE PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NO PASEO DA ALAMEDA. NADAL 2016/2017

Deberá achegarse documentación completa gráfica e escrita, incluídos planos sobre as características da pista, os seus elementos auxiliares e calquera elemento que se pretenda colocar:

O adxudicatario asumirá as seguintes condicións e requirimentos técnicos na instalación da pista de patinaxe e elementos auxiliares:

1. A pista será de xeo artificial, quedando excluídas as pistas de plástico. Terá forma rectangular, cunha dimensión mínima de 500 metros cadrados. En todo caso, a superficie máxima de ocupación da totalidade das instalacións (pista e posibles servizos complementarios) non excederá o ámbito indicado no plano adxunto. A superficie da pista deberá estar en boas condicións e totalmente lisa, sen que presente ningún tipo de obstáculo que poida ser perigoso para os usuarios. Estará dotada de valla perimetral e carpa. A valla deberá ter unha altura mínima dun metro sobre a superficie do xeo, sustentada por elementos verticais colocados na cara oposta á superficie de xogo, fixados ao chan de forma sólida e resistente, e a carpa deberá ser de aluminio, ignífuga e estar homologada.
2. O posible sistema de conxelación non poderá incluír tubarías de caucho etileno propileno dieno (EPDM).
3. Divisores ou distribuidores interiores (paneis, carpas, mostradores, estanterías, bancos, percheiros, vallas...) para a separación de zonas específicas (taquilla, entrega e retirada de patines, roupeiro, colocación de patines, asistencia médica...) e a delimitación de espazos de uso para os participantes e de zonas de uso exclusivo para os organizadores, garantindo a seguridade e estética do acabado do montaxe.
4. Chan de goma para as zonas de colocación de patines e de acceso á pista.
5. Equipo de son para amenizar permanentemente as sesións de patinaxe e equipo de iluminación necesario.
6. O adxudicatario deberá aportar para a prestación do servizo:
 - Recursos necesarios para o montaxe, mantemento e desmontaxe da pista de xeo en condicións óptimas de seguridade e de eficiencia nos consumos enerxéticos, para o cal se procurará, dentro do posible, de localizar os equipos de refrixeración próximos á pista de xeo.
 - Os patines para o seu aluguer por parte dos usuarios, respectando polo menos a proporción 0,5 pares por metro cadrado de pista.
 - Persoal: tres persoas como mínimo distribuídas coas seguintes responsabilidades durante o horario de apertura ao público: Responsable do servizo, taquilla, e control de accesos. En todo caso, o adxudicatario deberá atender as necesidades de persoal de reforzo necesario en función da afluencia de público.
7. Asistencia sanitaria permanente.
8. Guantes para a súa venda aos usuarios que veñan desprovistos desta prenda de uso obrigatorio para poder acceder á pista, circunstancia que, obrigatoriamente, deberá figurar na publicidade da pista de xeo.
9. A pista deberá reunir as condicións adecuadas de seguridade, sendo o adxudicatario o responsable de calquera accidente por anomalía da montaxe ou condicións da pista, así como dos desperfectos que o desenvolvemento da actividade poida causar no recinto.
10. O adxudicatario deberá subscribir o seguro de responsabilidade civil e danos de conformidade co previsto no Prego de Condicións.

